

O GRANDE BEETHOVEN

Concertos Didáticos

Serviço Educativo Casa da Música
Real Filharmonía de Galicia

Febreiro, 2022



casa da música


MECENAS SERVIÇO EDUCATIVO



APOIO INSTITUCIONAL



MECENAS PRINCIPAL CASA DA MÚSICA



Estimado(a) profesor(a),

Para que os nenos poidan gozar mellor do espectáculo “O Grande Beethoven”, suxerímoslles algúns detalles para axudalos a ter unha experiencia educativa máis eficaz. Por iso, antes de ver o espectáculo, as nenas e os nenos deberían:

1. Traballar a folla de información da guía didáctica, lendo ou escoitando ao profesor e completando e / ou pintando a figura de Beethoven.
2. Poderán ver e escoitar algunhas das suxestións enviadas nas ligazóns da guía didáctica.
3. O tema do programa é a preparación da festa sorpresa de aniversario de Beethoven; e para iso deben coñecer a letra da canción de aniversario (melodía do Himno da Alegría) para cantar coa Real Filharmonía de Galicia durante o vídeo:

LETRA

**Hoxe é o día de anos do Grande Beethoven
É o seu aniversario esta data especial**

**Fai douscentos cincuenta
Queremos darlle os parabéns
Hoxe é o día de anos do Grande Beethoven**

**Fai douscentos cincuenta
Queremos darlle os parabéns
Hoxe é o día de anos do Grande Beethoven**

4. Ao final do espectáculo deberán facer a tarxeta que figura na Guía e enviala por correo electrónico á Real Filharmonía de Galicia.

Bo espectáculo!

O *Grande Beethoven* conta a historia do xenial compositor Ludwing van Beethoven, un auténtico revolucionario da historia da música, que nacía hai 250 anos na cidade alemá de Bönn.

Para isto, a Real Filharmonía de Galicia, dirixida polo novo director Jan Wierzba e coa complicitade dos nosos amigos do Servizo Educativo da Casa da Música de Porto, desentrañará algúns pequenos segredos sobre a vida e o (mal?) xenio de Beethoven, amosándonos tamén como funciona o instrumento que hoxe coñecemos como orquestra sinfónica.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

JAN WIERZBA director

SOFIA NEREIDA e ANTÓNIO MIGUEL TEIXEIRA - Servicio Educativo da Casa da Música (Oporto) interpretación

1ª Sinfonía, Do M, Op. 21, 4º movemento

6ª Sinfonía, Fa M, Op. 68, 1º movemento

Abertura, Do m, Op. 62, Coroliano

Sonata para piano n.º 14 en Do # m, Op. 27, n.º 2, popularmente coñecida como Claro de lúa

Lied "Andenken" ("Recordo")

9ª Sinfonía Re m, Op. 125: Extracto "Oda á alegría" (arranxo Karajan)



¿Sabes o que é o "Orelhudo"? Descubre en orelhudo.casadamusica.com



ServicoEducativoCasaDaMusica

O nome completo é Ludwig van Beethoven. O apelido é "van Beethoven", non só Beethoven. Beethoven naceu en Bonn, Alemaña, o 16 de decembro de 1770, no seo dunha familia de músicos. O avó era mestre de capela (Kapeelmeister) e seu pai músico na corte. Aínda sendo un neno, Beethoven foi convidado para tocar na corte.

A súa nai, Maria Madalena, era filla do cociñeiro principal do arcebispo de Trier. Beethoven era o maior de 3 irmáns.

Beethoven foi un virtuoso pianista e un ousado compositor. Entre as súas moitas composicións, atopamos 32 sonatas para piano, 5 concertos para piano e orquestra, 9 sinfonías, unha ópera, un ballet e cuartetos de corda, entre outras.

Beethoven nunca casou pero as súas cartas demostran que sufriu moito por causa de varios amores non correspondidos.

Era un entusiasta dos ideais da revolución francesa, da liberdade, e por iso admiraba a Napoleón Bonaparte. Pero cando Napoleón se autoproclamou emperador, Beethoven sentiuse traizoado e decepcionado, e eliminou a dedicatoria da súa Sinfonía nº3, que fora pensada para Napoleón.


Cando tiña 26 anos apareceron os primeiros síntomas da súa xordeira. Un día, Beethoven espertou cun zumbido (tinnitus) e a dor foi aumentando gradualmente nas orellas con sons for-tes.

En 1801, aos 31 anos, xa perdera o 60% da súa audición. Intentou ocultar a súa enfermidade e pouco a pouco foise illando da xente.

En 1802 escribiu un testamento que el chamou "O testamento de Heiligenstadt", onde escribiu "... vinme obrigado dende moi cedo a illarme, a vivir en soidade ... era imposible dicirle aos demais:" Fala máis alto! Berra! Porque estou xordo!"




1º Recorta



2º Recorta e pega na parte inferior da 1ª páxina (Portada)

3º Colorea como queiras e escribe unha mensaxe de parabéns ao Grande Beethoven



4º Escanea a túa tarxeta e envía a comunicacion@rfgalicia.org : publicaremos todas as tarxetas que envies na nosa páxina web!

Agora escoita e ve!

Sinfonia 7

<https://youtu.be/XykvMvQfkQo>

Sinfonia 5

<https://youtu.be/vcBn04lyELc>

Beethoven

<https://youtu.be/kuQBjuySvyw>

Sonata ao Luar

<https://youtu.be/yojDu3E9jls>

Happy Birthday

<https://youtu.be/gk7DDPIUp3E>

Für Elise

<https://youtu.be/kWctpFGHThs>